



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional | | Código | 653G01206 |
| Titulación | Grao en Terapia Ocupacional | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 5 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde | | | |
| Coordinación | García Crespo, María Vanessa | Correo electrónico | m.v.garcia@udc.es | |
| Profesorado | García Crespo, María Vanessa Santos del Riego, Sergio Eduardo | Correo electrónico | m.v.garcia@udc.es sergio.santos.delriego@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta asignatura persigue a adquisición e o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa ergonomía, accesibilidade, deseño universal e adaptación funcional con perspectiva rehabilitadora e ocupacional.</p> <p>Descritores: Fundamentos da autonomía persoal nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Terapia Ocupacional para a integración do individuo no seu entorno. Aplicación da actividade ocupacional e estudo ergonómico.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A2 | Explicar los conceptos teóricos que sostienen la terapia ocupacional, expresamente la naturaleza ocupacional de los seres humanos y su funcionamiento a través de las ocupaciones. |
| A8 | Uso profesional y ético del razonamiento efectivo en todas las partes del proceso de terapia ocupacional. |
| A11 | Trabajar para facilitar entornos accesibles y adaptados y promover la justicia ocupacional. |
| A12 | Colaborar con comunidades para promover la salud y el bienestar de sus miembros mediante la participación en la ocupación. |
| A19 | Apreciar y respetar las diferencias individuales, creencias culturales, costumbres y su influencia sobre la ocupación y la participación. |
| B3 | Aplicar un pensamiento crítico, lógico y creativo. |
| B6 | Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional. |
| B8 | Capacidad de análisis y de síntesis. |
| B24 | Habilidades de gestión de la información (habilidad para buscar y analizar información proveniente de diversas fuentes). |
| B31 | Apreciación de la diversidad y de la multiculturalidad. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Adquisición dos coñecementos teóricos previos na práctica sobre ergonomía, accesibilidade e deseño universal. | | A2 | B31 |
| Fundamentación teórica da Terapia Ocupacional na intervención sobre o medio: influencia do contorno sobre a ocupación humana. | | A11 | |
| Adquisición de destrezas de observación e análise do medio: avaliación das condicións do medio social no que as persoas desenvolven as súas ocupacións e da interacción establecida entre os condicionantes individuais, os facilitadores/obstaculizadores do contorno e as demandas da actividade, promovendo a sostenibilidade medio-ambiental. | | A11 A19 | B3 |



| | | | |
|--|------------|-----------|----|
| Desenvolvemento do pensamento analítico e crítico aplicado á valoración e ao asesoramento en materia de accesibilidade: planificación dun proceso estruturado de intervención (valoración, asesoramento/propostas de mellora, rexistro) e deseño de contornos favorables e sostibles á ocupación e potenciadores da autonomía. | A8 A11 | B3 | |
| Potenciación de habilidades e rigor técnico para o rexistro da información procedente da intervención: desenvolvemento de destrezas de comunicación con outros profesionais e con usuarios, e aprendizaxe para a elaboración de informes técnicos. | A11 | B8 B24 | C1 |
| Fomento dunha perspectiva social: situar ao estudante nun tipo de intervención comunitaria, potenciando a colaboración con outros profesionais do ámbito do social e, en definitiva, promovendo a súa cooperación hacia a xusticia ocupacional de persoas saudables en contornos sostibles. | A11 A12 | B6 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Seminario teórico-práctico: Barreiras arquitectónicas: Proxectar sen barreira. Prof. Sergio Santos del Riego. | Domicilio. Edificios e vías públicas. Transporte. Comunicación. Outros. |
| Tema 1.- Marco xurídico e legal. Xeneralidades. Prof. Sergio Santos del Riego. | Marco xurídico e legal. Conceptos básicos oficiais: Accesibilidade, Deseño Universal, Adaptación Funcional e Ergonomía, e outros. |
| Tema 2.- A participación social universal na Contorna. Deseño Universal para a Accesibilidade. Prof. Sergio Santos del Riego. | Contorna: Saudable, Sostibilidade versus Sustentabilidade e os Dereitos Humanos. - Escalas de valoración de accesibilidade/contorno: Housing Enabler. - Outros aspectos. Deseño Universal: principios básicos (Ron Mace). - Visitabilidade e Adaptabilidade - Saúde e Seguridade. - Outros aspectos. |
| Tema 3.- Modelos inclusivos para a autonomía persoal, vida digna e independente. Marxinación Social e Exclusión Social. Prof. Sergio Santos del Riego. | Modelo Rehabilitador contra Modelo Social. A unión fai a forza. Marxinación social: Conceptos histórico, actual e segundo satisfacción das necesidades. Exclusión social. Barreiras Sociais e Culturais. Colectivos de exclusión/marxinación/desfavorecidos sociais. |
| Tema 4.-Accesibilidade e Desenvolvemento Sustentable. "Pensar global, Actuar local" Prof. Sergio Santos del Riego. | Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Axenda 2030. Nacións Unidas, Europa, España e Galiza. Importancia dos Obxectivos do Desenvolvemento do Milenio e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Novos Paradigmas. |
| Tema 5.- Técnicas de prevención de riscos laborais. Prof. Sergio Santos del Riego. | Prevención de riscos laborais (PRL): - Conceptos básicos sobre seguridade e saúde. - Especialidades de PRL: Seguridade no traballo, Hixiene industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada. - Outros aspectos. |
| Tema 6.- Domótica e Robótica. Prof. Sergio Santos del Riego. | Control da contorna: Xeneralidades. |
| Tema 7.- Intervención sobre o contorno desde a Terapia Ocupacional. Profª. Vanessa García Crespo. | Argumentación teórica. Influencia do contorno sobre a ocupación dos individuos. Metodoloxía de intervención sobre o contorno: -Accesibilidade -Deseño universal -Adaptación funcional |



| | |
|--|--|
| Tema 8.- Accesibilidade e deseño universal como medio para a participación. Profª. Vanessa García Crespo | Valoración e asesoramento de Terapia Ocupacional en materia de accesibilidade dos espazos públicos- - Rexistro da información: criterios para realizar un informe. Criterios de universalidade no deseño de dispositivos e contornos. Accesibilidade ¿vs? deseño universal. |
| Tema 9.- Adaptación funcional/Axuste razoable. Profª. Vanessa García Crespo. | Planificación da intervención: valoración e asesoramento desde a Terapia Ocupacional. Deseño de contornos funcionais no domicilio. Deseño de contornos funcionais no traballo / escola. Realización de informes técnicos. Razoamento aplicado a casos prácticos. |
| Tema 10.- Ergonomía. Profª. Vanessa García Crespo. | Xeneralidades e conceptos. Tipos de Ergonomía. Ergonomía laboral. |
| Tema 11.- Planificación e deseño ergonómico de produtos. Profª. Vanessa García Crespo. | Obxectivos do deseño ergonómico. Recomendacións baseadas en datos antropométricos. Recomendacións baseadas en características individuais dos individuos. |
| Tema 12.- Metodoloxías de axuste suxeito-contorno-ocupación aplicadas ao posto de traballo. Profª. Vanessa García Crespo. | Introdución aos métodos de axuste como medio para a integración laboral e social. Análise de diferentes métodos de axuste (método de perfís LB, ErgoDis IBV): práctica. Aplicación de métodos de axuste á intervención de Terapia Ocupacional: adaptación funcional do contorno e análise ergonómica do posto de traballo. |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A2 A8 A19 B3 B31 | 24 | 30 | 54 |
| Aprendizaxe colaborativa | A11 A12 B6 B8 B24 C1 | 22 | 40 | 62 |
| Proba mixta | A8 B3 B8 C1 | 2 | 0 | 2 |
| Actividades iniciais | A19 B3 B31 | 4 | 0 | 4 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade é común que se reserve a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Aprendizaxe colaborativa | Técnica de traballo individual con exposición pública durante na clase de Grupo Grande (GG) e debate. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |



| | |
|----------------------|--|
| Actividades iniciais | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensinanza-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para acadar os obxectivos que se queren acadar, vinculados a un programa formativo. Con ela se pretende obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos coñecementos previos do alumnado. |
|----------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|--|
| Aprendizaxe colaborativa | A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Sesión maxistral | A2 A8 A19 B3 B31 | Avaliación na modalidade de Proba mixta. | 0 |
| Aprendizaxe colaborativa | A11 A12 B6 B8 B24 C1 | Avaliación continua: - Rúbrica do avaliación do traballo do estudante polos profesores da materia. A rúbrica presentaranse ao inicio do curso. - A rúbrica do avaliación estudante/profesor valorarán traballos individuais presentados por cada estudante en presenza do Grupo Grande (GG) coa presenza de ambos profesores (tribunal). Rúbrica. 5 puntos (media de ambos os dous profesores sobre cinco puntos) | 50 |
| Proba mixta | A8 B3 B8 C1 | - Exame: 5 puntos (media de ambos os dous profesores sobre cinco puntos). | 50 |

Observacións avaliación



CRITERIO XERAL DE AVALIACIÓN: A avaliación final dos estudantes realizarase segundo os seguintes criterios: un 50% corresponderá á avaliación continua (5 puntos) e un 50% á avaliación do exame final (5 puntos).

AVALIACIÓN CONTINUA: A nota final da avaliación continua do estudante é a media das dúas calificacións, unha do Prof. Santos del Riego e outra da Prof^a.

Vanessa García Crespo sobre idéntica rúbrica para cada profesor (5 puntos).

Na avaliación continua cada profesor cualificará de forma independente o expresado na rúbrica de avaliación do estudante polo profesor, a saber:

- A posta a disposición con antelación da documentación do traballo a expoñer ao grupo.
- A organización e desenvolvemento do tema (estrutura).
- A abordaxe do tema de xeito innovador e axeitado á materia (contido).
- As habilidades de comunicación, de transmisión da información en público e do manexo do grupo (exposición).
- A integración dos coñecementos abordados na materia e o dominio do tema proposto.

O aprobado neste tipo de avaliación fíxase en 2,5 puntos resultantes da media das calificacións de ambos os dous profesores.

EXAME: A nota final do exame é a media da parte de exame realizada por cada profesor

avaliado sobre cinco puntos. Realizarase na data sinalada no calendario oficial aprobado en Xunta de Facultade, e versará sobre todos os contidos abordados na materia, tanto os dirixidos polos profesores, coma os tratados nos traballos expostos.

O aprobado no exame fíxase en 2,5 puntos resultantes da media das calificacións de ambos os dous profesores.

Revisaranse as puntuacións emitidas polos profesores nos prazos e formas oficiais establecidos.

CUALIFICACIÓN FINAL: A cualificación final será o resultado da suma de ambas as dúas puntuacións medias (avaliación continua e exame), sempre que o alumno alcance o mínimo de 2,5 puntos en cada unha das cualificacións finais (avaliación continua e exame). De non ser así, o alumno estará suspenso (ou non presentado, NP, de ser o caso) coa cualificación que determinen os profesores independentemente da suma final obtida.

As calificacións poderán ser revisadas nos prazos e formas oficialmente establecidas; preferiblemente se revisarán de forma conxunta as puntuacións da avaliación continuada e o exame de ambos os dous profesores, de ser posible.

As últimas apreciacións contextuais sobre as cualificacións finais, previas á formalización na aplicación informática, quedan baixo a consideración do profesor responsable da materia.

A cualificación final da materia expresarase segundo ao establecido no art.5 do RD 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de calificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (publicado no BOE do 18 de setembro de 2003).

Sistema de calificacións: suspenso (0-4,9),
aprobado (5-6,9), notable (7-8,9), sobresáinte (9-10), matrícula de honra
(graciable).

OBSERVACIÓNS ECOLÓXICAS.

Para axudar a conseguir un contorno inmediato sustentable e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do Plan Green Campus FCS, os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel:

- Non se utilizarán plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a realización de borradores.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | Libro blanco de la accesibilidad. Rovira-Beleta y Cuyás, Enrique. Barcelona: UPC, [2003]. ISBN 8483017431. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. Diario Oficial de Galicia de 17 de decembro de 2014. Decreto 35/200, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia de 29 de febreiro de 2000. Salud laboral: conceptos y técnicas para la prevención de riesgos laborales. Carlos Ruiz Frutos [et al.]. Barcelona: Elsevier, 2013. ISBN 9788445821466. Técnicas de prevención de riesgos laborales: seguridad e higiene del trabajo. Madrid: Tebar, 2012. ISBN 978847360479. Legislación sobre Seguridad y Salud en el Trabajo Disposiciones Generales. Osalan, 2001. Legislación sobre Seguridad y Salud en el Trabajo: disposiciones específicas. Osalan, 2001. Domótica e inmótica: viviendas y edificios inteligentes. Cristóbal Romero Morales, Madrid: Ra-Ma, 2010. ISBN 9788499640174. Método de adaptación ergonómica de puestos de trabajo para personas con discapacidad. Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia. 2003. Lantegi Batuk. ?Método de adecuación de perfiles de la tarea a la persona?. Vizcaya: Fundación Lantegi Batuk. 2014. (http://www.lantegi.com). Comité de expertos sobre Diseño Universal. Hacia la plena participación mediante el Diseño Universal. Madrid: Instituto de Mayores y Servicios Sociales; 2010. Serie Documentos Técnicos. (http://www.imserso.es). ONCE. Accesibilidad para personas con ceguera y deficiencia visual. Madrid: ONCE; 2003. (http://www.once.es). |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Prácticas II/653G01210

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do "I Plan de Sostenibilidade Medio-ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.

2.- O profesor responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías